



# COLEF GALICIA

## BOLETÍN INFORMATIVO

22 — 19/02/2010

[www.colefgalicia.com](http://www.colefgalicia.com)

### PLENO DO CONSELLO XERAL: NOVO GRUPO DE TRABALLO

Os pasados 30 e 31 de xaneiro celebrouse en Cartaxena o Pleno do Consello Xeral de COLEF e CAFD que, ademais das cuestións habituais a tratar neste tipo de reunións, tivo como **tema central o debate sobre as medidas a tomar respecto dos cambios legislativos que obrigan á modernización dos nosos Colexios Profesionais**, e no cal o COLEF Galicia se mantivo en primeira liña.

**A decisión máis importante foi a da creación do Grupo de Traballo sobre Regulación Profesional**, formado polos COLEFs de Aragón, Canarias, Castela León, Cataluña e Galicia. O primeiro encargo deste grupo será **desenvolver as estratexias axeitadas para que o Goberno estatal recoñeza as nosas profesións como colexiadas na Lei de Servizos Profesionais**, a aprobar antes de xuño deste ano. Neste

senso, **o COLEF Galicia solicita de todos os colexiados propostas de acción para nutrir de ideas este importante grupo de traballo** que ten por obxectivo final a consecución da regulación de determinadas profesións do deporte.

Para obter máis información sobre a cuestión poden ler o Informe do COLEF Galicia para o Pleno de Cartaxena 2010 en [www.colefgalicia.com](http://www.colefgalicia.com)



### CONTIDOS

Pleno do Consello Xeral...	1
Asemblea Xeral 2010	1
Proposta de Cotas e Promocións 2010-2011	2
Desconto de 60 € na cota de colexiado	2
Primeira Xunta de goberno do ano 2010	2
Folga indefinida nas instalacións deportivas	3
Publicacións oficiais	3
Defensa da profesión: novos recursos	4
Colexiados: solicitude de información	4
Trámite de consulta: Judo e Def. persoal	4
Formación	5
Ofertas de emprego	5

### ASEMBLEA XERAL 2010

O vindeiro **12 de marzo terá lugar a Asemblea Xeral Ordinaria do COLEF Galicia** na que este ano, ademais de tratar os puntos habituais da orde do día, se celebrarán as **Eleccións a cargos vacantes da Xunta de Goberno**, aproveitando esta posibilidade estatutaria.

**A reestruturación da Xunta fíxose indispensable**, xa que á vacante de Vicepresidencia do pasado ano, sumáronse na última Xunta de goberno a de Tesorería e Vogalía por A Coruña, coas baixas de Nuria Fernández e Xurxo Pena por motivos profesionais. Posteriormente, José María Pazos e Genaro Lorenzo renunciaron tamén para, como marcan os estatutos, poder optar aos cargos citados.

Dende estas liñas **gustaríanos recoñecer o compromiso e dedicación desinteresada que os compañeiros Nuria e Xurxo nos brindaron durante os dous últimos anos. MOITAS GRAZAS COMPAÑEIROS!!**

## PROPOSTA DE COTAS E PROMOCIÓN 2010-2011

Como é costume, a Asemblea Xeral do COLEF Galicia aprobará as cotas colexiais dos próximos dous anos neste 2010. Por este motivo a **Xunta de goberno elaborou unha proposta de cotas, xunto cunha novidosa proposta de promocións** que pretende ser o inicio da inminente apertura do colexio ás demais titulacións deportivas oficiais que capacitan para o exercicio das nosas profesións.

**Podes consultar as propostas** no seguinte enlace:

[www.colefgalicia.com/contenidos/images/Tesoureria/proposta%20cotas%202010-2011.pdf](http://www.colefgalicia.com/contenidos/images/Tesoureria/proposta%20cotas%202010-2011.pdf)

**Esperamos as vosas achegas para así poder elaborar a proposta definitiva** que se exporá e votará na Asemblea do próximo 12 de marzo.

## DESCONTO DE 60 € NA COTA DE COLEXIADO!!

**Banco Sabadell custeará 60€ da próxima cota anual a todos os colexiados que contraten a "BS Cuenta Profesional"** (válido só para novos clientes da entidade). O **procedemento** para beneficiarse desta oferta é o seguinte:

- Contratar a citada conta en calquera oficina de Banco Sabadell.
- Enviar unha copia do contrato á sede do COLEF Galicia.



Podes atopar **máis información sobre a oferta especial para profesionais** do Banco Sabadell no seguinte enlace: [www.professionalbs.es](http://www.professionalbs.es)

## PRIMEIRA XUNTA DE GOBERNO DO ANO 2010

O **pasado 10 de febreiro** celebrouse a primeira xuntanza directiva do ano no COLEF Galicia. Tratáronse os puntos informativos de costume (altas e baixas, administración, tesourería...), e **chegáronse aos seguintes acordos**:

- Inicio de accións de cara á inclusión dos COLEF na futura Lei de Servizos Profesionais.
  - Participación no Grupo de Traballo do Consello Xeral.
  - Información, sensibilización e solicitude de propostas aos colexiados.
- Aprobación da memoria económica de 2009 e da previsión orzamentaria para o 2010, a ratificar ambas as dúas pola Asemblea Xeral.
- Convocatoria de Asemblea Xeral Ordinaria 2010.
- Convocatoria de Eleccións a cargos vacantes da Xunta de Goberno.
- Organización dunha nova acción formativa sobre responsabilidade profesional en Pontevedra.

## DIRECCIÓN E HORARIO COLEFG

Rúa Fernando III O Santo 32, Baixo. Despacho 11 B. 15701 Santiago de Compostela

De luns a venres de 9.00 a 15.00

(fóra de horario solicitar cita por correo electrónico ou teléfono)

## FOLGA INDEFINIDA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

A piques de cumprírense as 3 semanas dende que as asembleas de traballadores de instalacións deportivas rexeitasen o pre-acordo asinado polos sindicatos e a patronal, e se iniciase a folga indefinida, **non se aprecia achegamento algún entre as partes en conflito**. Os traballadores afondaron nos últimos días na **estratexia de intentar que a Xunta se implique activamente**, provocando reaccións e manifestacións do Secretario Xeral para o Deporte e do mesmo Presidente nas que avogan por facilitar un entendemento entre as partes. Sen embargo, polo momento **seguimos á espera dunha solución satisfactoria para traballadores, empresarios e usuarios**.



Por outra banda, no COLEF Galicia aínda non recibimos resposta oficial algunha dos sindicatos en relación á nosa proposta de colaboración na negociación.

## PUBLICACIÓNS OFICIAIS

### *Boletín Oficial do Estado*

**Ministerio de Educación:** RD 48/2010 que modifica o RD 276/2007 sobre o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes. BOE 33, 06-02-2010. Páx. 11039.

**Ministerio de Interior:** Orde INT/248/2010 pola que se convocan os Premios "Educación y Seguridad en el Entorno Escolar" para o curso 2009-2010. BOE 36, 10-02-2010. Páx. 12447.

**Ministerio de Educación:** Orde EDU/268/2010 que modifica a Orde EDU/1434/2009, pola que se actualizan os anexos do RD 1892/2008, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión. BOE 39, 13-02-2010. Páx. 13046.

**CSIC:** Bolsas de Introducción á Investigación para estudantes universitarios, no marco do Programa "Junta para la Ampliación de Estudios". BOE 30, 04-02-2010. Páx. 10422.

### *Diario Oficial de Galicia*

**IGAPE:** modificación das bases (prazo) de axudas de financiamento para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes. DOG 15, 25-01-2010. Páx. 874.

### *Boletíns provinciais*

**San Sadurniño:** subvencións para promoción do deporte 2010. BOP Coruña 17, 27-01-2010. Páx. 150.

**Concello de Ordes:** Bases axudas actividades culturais - deportivas ano 2010. BOP Coruña 20, 01-02-2010. Páx. 113.

**Deputación de Pontevedra:** Bases do Programa de Acción Municipal 2010, sección Actividades. BOP Pontevedra 26. 09-02-2010. Páx. 43.

## DEFENSA DA PROFESIÓN: NOVOS RECURSOS

O COLEF Galicia interpuxo recentemente **tres novos recursos de reposición** ante outras tantas administracións, asumindo a función estatutaria de exercer a representación e defensa da profesión, e esixindo unha prestación de servizos que garanta a saúde e seguridade públicas como rezan as actuais directivas europeas . Concretamente **actuouse nos seguintes casos**:

ENTIDADE	PRAZA	MOTIVO
Concello de As Pontes	<i>Técnico Deportivo</i>	Acceso con titulación non axeitada ás funcións da praza (Mestre EF)
Concello de Tui	<i>Animador deportivo</i>	Acceso con titulación non axeitada ás funcións da praza (bacharelato ou técnico, C1)
Deputación de Ourense	<i>Monitor de equitación</i>	Acceso con titulación non axeitada ás funcións da praza (graduado en ESO, C2)

## COLEXIADOS: SOLICITUDE DE INFORMACIÓN

O colexiado número 7.474 Felipe Murga, quen está a realizar a súa tese doutoral, **solicita e agradece toda información e/ou referencias que sobre a temática da condición física en poboación escolar** se lle poida facilitar. Se estás interesado en colaborar con el, podes realizar as achegas no correo electrónico: [colef@coleggalicia.com](mailto:colef@coleggalicia.com)

## TRÁMITE DE CONSULTA: JUDO E DEFENSA PERSOAL



Dende o CSD informámonos sobre o trámite de consulta do “Proyecto de Real Decreto por el que se establece el título de Técnico Deportivo en Judo y Defensa Personal y se fijan sus enseñanzas mínimas y los requisitos de acceso”, e do “Proyecto de Real Decreto por el que se establece el título de Técnico Deportivo Superior en Judo y Defensa Personal y se fijan sus enseñanzas mínimas y los requisitos de acceso”.

Co obxectivo de participar na mellora deste documento e sempre que sexa do voso interese, solicitamos **achegas ao mesmo antes do día 26 de febreiro ás 12:00 horas no correo electrónico**:

[colef@coleggalicia.com](mailto:colef@coleggalicia.com)

Consulta os proxectos en:

<http://www.csd.gob.es/csd/sociedad/3EnsDepor/normas-en-tramite-de-consulta/>

## MERCA A NOSA

SÓ 10€

**CAMISETA SOLIDARIA!!**

[www.coleggalicia.com](http://www.coleggalicia.com)





## FORMACIÓN

### CONGRESO INTERNACIONAL ADESTRADORES DE FÚTBOL SALA

O balance da colaboración do COLEF Galicia nesta actividade formativa celebrada en Santiago entre o 12-14 de febreiro, resultou moi positivo posto que **un total de 35 colexiados e precolexiados se aproveitaron das interesantes vantaxes na inscrición** deste evento.

### BOLSAS POSGRAO 2010 FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA

<http://becasposgrado.fbarrie.org/?q=convocatoria2010>

### OFERTA FORMATIVA: CONSULTA A NOSA WEB

[http://www.colefgalicia.com/contenidos/index.php?option=com\\_events&Itemid=44](http://www.colefgalicia.com/contenidos/index.php?option=com_events&Itemid=44)

## OFERTAS DE EMPREGO

### Oferta pública

Posto	Prazas	Entidade	Descrición	Requisitos	Información	Prazo
<i>Investigador/a</i>	1	UVigo	Persoal laboral temporal	Lic. CAFD con nivel medio de inglés	<a href="http://webs.uvigo.es/feduc/">http://webs.uvigo.es/feduc/</a>	Ate o 19 de marzo
<i>Coordinador e Monitor de deportes</i>	Varias	Axuntamento de Sta. Fe (Granada)	Persoal laboral	-	<a href="http://www.boe.es">www.boe.es</a> (03/02/2010)	Ate o 23 de febreiro
<i>Monitor</i>	2	Axuntamento de El Ejido (Almería)	Persoal laboral	-	<a href="http://www.boe.es">www.boe.es</a> (06/02/2010)	Ate o 26 de febreiro

### Oferta privada

Posto	Prazas	Entidade	Lugar	Requisitos	Información	Solicitudes
<i>Monitor/a de Tempo libre</i>	8	Randstad	Santiago de Compostela	FP grao medio ou título de TL	<a href="http://www.infojobs.net">www.infojobs.net</a> <a href="http://www.randstad.es">www.randstad.es</a>	



PRODUTOS AGEL: [www.colefgalicia.com/contenidos/images/convenios/productos%20agel\\_deventus.pdf](http://www.colefgalicia.com/contenidos/images/convenios/productos%20agel_deventus.pdf)

VÍDEO DE PRESENTACIÓN: <https://agel-spain.webex.com/agel-spain/lsr.php?AT=pb&SP=TC&RID=6301992&act=pb&rKey=9CE22375F87F81D2>

Se estás interesado na compra ou distribución dos produtos **agel**:

639 521 796 - [ruppen@deventus.es](mailto:ruppen@deventus.es) (Jaime) - desconto do **10%** para colexiadas/os